

Os colexios rurais agrupados, un novo modelo de educación rural

A escola rural en Galicia

Galicia presenta dende o punto de vista escolar unha grande diversidade, consecuencia da propia variedade rexional nos seus aspectos xeográficos, socioeconómicos e demográficos, que orixinan a diseminación dos numerosos núcleos de poboación e motivan que o mapa escolar sexa moi heteroxéneo.

A Lei Xeral de Educación de 1970 modificou substancialmente o panorama escolar de Galicia, xa que a meirande parte das escolas unitarias foron substituídas por concentracións escolares situadas nas capitalidades dos concellos, pasando a ser o transporte dos alumnos un fenómeno xeralizado.

A partir de 1982 prodúcese un proceso en senso contrario, de tal xeito que a Administración Educativa de Galicia volve poñer en funcionamento moitas escolas unitarias que pecharan no proceso anterior, escolarizando nelas non só alumnos de 3 a 5 anos (nivel non obrigatorio, pero demandado pola sociedade), senón tamén a alumnos de EXB, fundamentalmente do ciclo inicial.

As escolas rurais, maioritariamente unitarias, son consideradas de novo como institucións educativas especificamente idóneas e elementos de revitalización socioeconómica e cultural das zonas rurais de Galicia. A situación da escola unitaria, resolvendo as súas carencias, pode chegar a converterse nun elemento educativo case privilexiado se consideramos a actual especialización da escola unitaria como receptora de alumnos de idades temperás:

- * é posible realizar unha educación moi personalizada,
- * a relación coas familias é moi doada,
- * a relación con contornos naturais é inmediata,
- * os agrupamentos dos nenos e nenas teñen un carácter máis semellante ós espontáneos,
- * o coñecemento que o profesorado pode chegar a ter do seu alumnado e do seu contorno pode ser moi alto.

Nun momento no que o pesimismo se instala nos homes e mulleres do rural, a escola aberta significa esperanza e posibilidade e necesidade de supervivencia, mentres que a escola pechada afonda o desánimo e o pesimismo. Podemos, neste contexto, afirmar que cando se pecha

unha escola rural estase pechando case a propia aldea.


Pero, para que a escola unitaria sexa un elemento educativo idóneo, é necesario resolver as carencias conxunturais da mesma:

- * arranxar-o estado das edificacións,
- * contar con profesorado especialista naquelas áreas que requiren o uso de técnicas máis singulares,
- * facilitar e incentivar-la coordinación e a formación continua do profesorado,
- * elaborar materiais educativos axeitados ós alumnos de idades diversas que comparten a mesma aula.

Sen embargo, na década dos 90 o número das escolas unitarias vese reducido debido, fundamentalmente, á baixa da natalidade e o traslado das familias do medio rural ó urbano.

No curso 2001-2002 en Galicia estaban funcionando 343 escolas unitarias (sen contabiliza-las escolas agrupadas en CRA), diversamente distribuídas: 204 na provincia da Coruña, 97 en Pontevedra, 22 en Ourense e 20 en Lugo.

No curso 2003-2004 están en funcionamento 286 escolas unitarias: 162 na Coruña, 91 en Pontevedra, 18 en Ourense e 15 en Lugo.




Os colexios rurais agrupados, un novo modelo de educación rural

A finais da década dos 80 nacen os colexios rurais agrupados (CRA) como instrumentos que serven para resolver mellor os problemas das escolas unitarias, como unha vía legal posible aberta pola Administración Educativa e como froito da vontade dun profesorado inquedo e preocupado pola mellora non só das súas condicións laborais senón tamén dos resultados do seu

propio traballo.

No curso 1988-89 comezou en Galicia a formación dos tres primeiros Colexios Rurais Agrupados por un período experimental de tres anos: Teo, Narón e Santa Comba na provincia da Coruña.

Nos seguintes cursos constituíronse os restantes: Valdoviño, Coristanco, As Pontes de García Rodríguez, Rianxo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Carballo na Coruña; A Fonsagrada en Lugo; Ribadavia-Beade en Ourense; e Gondomar, Tomiño, Pontearreas, Salvaterra de Miño, Tui, O Rosal, Valga, Salceda de Caselas e Vilaboa en Pontevedra.



Pero, ¿que son os Colexios Rurais Agrupados? Os CRA son agrupacións de escolas unitarias da zona rural dun ou varios concellos constituíndo un so colexio público.

Estas escolas agrúpanse coa finalidade de acadar novas expectativas pedagóxicas; deste xeito, as antigas escolas unitarias pasan a ser unidades do Colexio Rural Agrupado permanecendo situadas nas mesmas localidades.

A constitución dos Colexios Rurais Agrupados de Galicia vese amparada polo Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

A iniciativa para a súa creación xorde do profesorado, que elabora unha Memoria

(características xeográficas, motivación e relacións de necesidades de profesorado gastos de funcionamento e instalacións); e esta iniciativa debe ser ratificada polos pais e nais do alumnado e pola corporación municipal correspondente.

Obxectivos xerais dos CRA

1. Eleva-la calidade do ensino nas comunidades rurais.
2. Conseguir unha participación activa de tódolos membros da comunidade Educativa, contribuíndo á revitalización socioeconómica e cultural das escolas unitarias, evitando o desarraigo dos nenos do seu contorno familiar e natural.
3. Enriquece-lo labor docente formando equipos permanentes de traballo, evitando o illamento persoal e profesional, de xeito que repercuta na formación dos nenos.
4. Elaborar e aplicar proxectos pedagóxicos conxuntos que permitan unha innovación pedagóxica que parta da realidade do neno.
5. Non separa-los nenos da súa familia e do seu contorno ata que acaden a madurez suficiente.
6. Lograr unha mellor comunicación do profesorado buscando máis incentivación pedagóxica, na procura dunha meirande calidade do ensino.
7. Descubrir e vivencia-las nosas tradicións.
8. Fomenta-lo uso do galego como lingua de comunicación e aprendizaxe.

Características máis salientables

- As unidades do CRA están espalladas polos concellos.
- Existencia dunha sede como centro administrativo e de xestión e punto de encontro de tódolos membros da Comunidade Educativa: profesores, pais, alumnos, persoal de administración e servizos, representante do concello, etc.
- Ó profesorado titor das unidades engádense profesorado especialista itinerante de Educación Física, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, Música, Idioma moderno, Orientador e Apoio ó CRA, e outros en función das necesidades de cada centro.
- A coordinación pedagóxica de equipos de traballo en reunións semanais na tarde dos mércores na sede do CRA.
- Órganos colexiados (Claustro, Consello Escolar, Comisión Económica, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipos de Cíelo, Equipo de Normalización Lingüística, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, e outras Comisións) e

órganos unipersoais (Dirección, Xefatura de Estudos, Secretaría).



Os números dos CRA

Provincia	Nº de CRA	Nº de Unidades	Nº de Mestres	Alumnado		
				Ed. Infantil	Ed. Primaria	Total
A Coruña	10	90	140	676	312	988
Ourense	1	9	9	44	22	66
Pontevedra	9	89	133	1092	59	133
Total	20	188	282	1812	393	1151

Ratio alumnos/unidad: 11,98

Ratio alumnos/mestre: 7.82

O profesorado especialista e/ou de apoio é de 98 mestres.



Conclusións

Actualmente podemos afirmar, segundo as conclusións das VII Xornadas de Formación dos CRA de Galicia, que a constitución dos CRA axudou de xeito decisivo, nestes centros de ensino (Colexios de Escolas Unitarias), á resolución dalgún dos problemas que enumerabamos arriba:

- De xeito xeneralizado, acadouse a dotación de profesorado especialista *e de apoio*.
- Algúns CRA conseguiron unha *mellora importante das instalacións*.

- Logrouse tamén, de xeito xeneralizado, a *dotación de certos equipamentos* imposibles de alcanzar na situación de escolas unitarias.
- Recoñeceuse legalmente a peculiaridade dos CRA e das escolas unitarias.
- Conseguiuse, coa posta en funcionamento dos CRA, *a integración formal dos pais no proceso educativo*.
- E quizais o que é mais importante: logrouse que o *profesorado* das unitarias integradas en CRA, *tentase a procura de solucións pedagóxicas e didácticas comúns e colectivas*

Por suposto que quedan moitas tarefas por realizar, mais podemos afirmar que a decisión que as unitarias tomaron de constituírse en CRA resultou ser útil e proveitosa, sobre todo na dirección de afortalar á propia escola rural, de procurar nela un ensino de calidade, e de procurar, en fin, a súa pervivencia.